

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CLEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVIS .**ARTIGO 1.-** Fundamento legal.

No uso das facultade concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e de coformidade co disposto no artigo 132 en relación co artigo 20 do Tecto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo RDL 2/2004, do 5 de marzo, o concello de Cerceda establece a taxa pola celebración de matrimonios civís que rexerá pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación dos expedientes como a utilización dos locais municipais con motivo das vodas civís .

ARTIGO 3.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as parsoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ou ben resulten beneficiados ou afectados pola utilización das instalacións ou actividade administrativa que constitue o feito imponible desta taxa.

ARTIGO 4.- Beneficios fiscais.

Non se poderán recoñecer outros beneficios fiscais na presente taxa que os eprexamente establecidos en normas con rango de lei ou os derivados de tratados internacionais.

ARTIGO 5.- Devengo.

A taxa devengase cando se presente a solicitude que inicie a actuación administrativa que non se realizará ou tramitará sen que se teña efectuado o pagamento correspondente.

ARTIGO 6.- Cuota tributaria.

A cuota tributaria determínase pola aplicación dunha cantidade fixa resultante de aplicar a seguinte tarifa.

Tarifa:

Tramitación dos expedientes e utilización dos locais para celebración de matrimonios civís, 90,00 €.

ARTIGO 7.- Declaración e ingreso.

A presente taxa esixirase en réxime de autoliquidación.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado anuncia da súa aprobación definitiva tal e como se regula no artigo 17 do Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RDLexislativo 2/2004, de 5 de marzo.